

Secretaría Xeral

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 7 DE XANEIRO DE NÚM. 01/2016.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).



**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).  
D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CxG-CCTT).  
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).  
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.


**INTERVENTORA XERAL:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**AUSENTE:** D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).



## ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta Nº 14/2015, da sesión extraordinaria celebrada o día 11 de decembro de 2015.....	páx. 3
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	páx. 3
3.- Mocións do Grupo de Goberno.....	páx. 6
3.1.- Moción do Grupo de Goberno para a solicitude de sendas peonís no rural de Lalín.....	páx.6
3.2.- Moción do Grupo de Goberno solicitando a rebaixa da peaxe da AP-53.....	páx. 8
3.3.- Moción do Grupo de Goberno e do PP para apoiar a solicitude da Malla Tradicional de Codeseda como Festa de Interese Turístico de Galicia.....	páx. 11
4.- Mocións do PP.....	páx.13
4.1.- Moción do PP en defensa do Estado das Autonomías.....	páx.13
4.2.- Moción do PP de apoio e potenciación do comercio local de Lalín.....	páx.14
4.3.- Moción do PP para a posta en funcionamento do Centro de Xestión da Cultura Arqueolóxica e o Viveiro de Empresas.....	páx.17
4.4.- Moción do PP relativa á retransmisión dos Plenos e á creación dun Libro de Decretos.....	páx.19
5.- Rogos e preguntas.....	páx. 21



Sendo as dez horas do **xoves, día 7 de xaneiro de 2016**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Xeral *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste á sesión *D<sup>a</sup>. María Álvarez Paz (P.P.)*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 14/2015, DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 11 DE DECEMBRO.-**

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta Nº 14/2015, da sesión extraordinaria celebrada o día 11 de decembro. De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a dita acta Nº 14/2015, da sesión extraordinaria celebrada o día 11 de decembro, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.-**



Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

*O Concello Pleno quedou enterado.*

### **3.- MOCIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.-**

#### **3.1.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA A SOLICITUDE DE SENDAS PEONÍS NO RURAL DE LALÍN.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 21 de outubro de 2015, e rexistro de entrada do día 23 de decembro de 2015, co número 9199. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 29 de decembro de 2015.***



Desde o BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que coa moción se trataba de solicitar á Xunta de Galicia que dea resposta a unha realidade, a utilización como sendas peonís de dúas rutas. Unha entre Donramiro e Moneixas e a outra entre Soutolongo e Botos. Con estes espazos, o Concello trataba de normalizar o uso que se viña a facer das mesmas polos veciños de Lalín e por usuarios de fóra. Coidaba tamén que as actuacións que se levaron a cabo ata agora neste eido eran claramente insuficientes e as respostas políticas deficitarias. Non eran grandes investimentos, pero si actuacións solicitadas polos veciños.

Desde o PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** coidaba que a moción era "interesantísima". Era partidario de que non quedase ningunha unha idea máis como esta sen acometer. A idea parecía boa, non só polo interese turístico, senón tamén por persoas que fan o percorrido por motivos de saúde, e por interese xeral.

A nivel particular, preguntábase: *¿por que escolleron estas dúas rutas e non outras?*

Votarían a favor e aceptaban a moción, e propuxo como emenda engadir un terceiro punto á mesma, no sentido seguinte: En caso de non aceptar a Xunta de Galicia esta petición, que as faga o Concello con cartos do seu propio orzamento.

Desde o grupo socialista **D. Nicolás González Casares** indicou que a moción estaba consensuada polo grupo de goberno. Elixíronse estas sendas peonís polo equipo. Habería outras que tamén facían falta, por exemplo na estrada a Vila de Cruces, con alta densidade na zona. Sinalou que outras estaban xa contempladas nos plans de obras e servizos municipais. Segundo o Sr. **Crespo Iglesias** había que poñerse á cola e coller vez nestas peticións, para que algún día lles toque.

Respecto á emenda proposta, indicou que non podía aceptarse, porque a estrada era autonómica, e o Concello non podía actuar na mesma. De todos os xeitos, o criterio a empregar non podía admitirse, porque se se aceptaba o mesmo, debería tamén asumir que o pago das peaxes na AP-53 as fixera o Concello, aínda que non ten as competencias. En suma as sendas peonís non eran vías municipais e non podía actuarse nas mesmas. Había que solicitalas ao organismo competente.

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que empregar este sistema para pedir actuacións á Xunta de Galicia era unha ferramenta de dobre fío.

Doutra banda non todas as propostas eran iguais, en referencia ás distintas mocións que se tratarían na sesión. En canto aos motivos de elixir estas sendas peonís e non outras, afirmou que o Sr. **Vilariño Taboada** seguramente transitaba máis por algunha delas que por outras, xa que vivía cerca. Lembrou que en canto ao tema das competencias non debía haber tanto probalema, xa que anteriormente houbo actuacións conxuntas do Concello e da Xunta de Galicia, primeiro co Vicepresidente daquela, o Sr. **Barreiro Rivas** e logo con **Pachi Vázquez**, na rúa D, de Lalín, e nalgunhas zonas de Goiás.

En principio absteríanse e non apoiarían a moción, pero non por estar en contra das ditas sendas peonís, senón porque esperaban ver como reaccionaba o grupo de goberno a outras mocións do seu grupo.

Rematou por alusións **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**. Indicou que a elección destas dúas sendas non tiña nada que ver con el. Pediu que se mirasen os accesos e as



Secretaría Xeral

infraestruturas nas distintas parroquias, entre elas, a súa, Moneixas, para ver a situación en que se atopaba a mesma en canto a infraestruturas.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* nove (9) do PP.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Como é ben sabido o Concello de Lalín ten un medio rural extenso, con parroquias e lugares diseminados por todo o seu territorio e cun núcleo urbano central que é Lalín. Aínda que a interconexión viaria entre o casco urbano e entre os propios núcleos está garantida, non o está así unha mobilidade peonil segura entre núcleos rurais próximos. Ademais, esa seguridade peonil entre diferentes núcleos está aínda mais comprometida cando as parroquias está atravesadas por vías interurbanas e territoriais.

Diante desta problemática e, co fin de empezar a solucionar este problema en algunhas das parroquias afectadas, dende o Goberno Municipal de Lalín consideramos que todas as administracións teñen que colaborar para mellorar as condicións de vida dos seus cidadáns, empezando pola súa seguridade e posibilitando o uso de medios alternativos aos de combustión.

As parroquias de Moneixas e Donramiro están unidas pola estrada autonómica PO-902 e as parroquias de Soutolongo e Botos pola PO-534. En grande parte desas vías non hai beirarrúas nin medidas de seguridade para os peóns, existindo do mesmo xeito varias paradas de bus escolar nos dous trazados sinalados. En vista do anteriormente **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Solicitar á Xunta de Galicia a construción dunha senda peonil nunha das marxes da estrada PO-902 entre Moneixas e Donramiro, mellorando ademais a seguridade peonil en todo o trazado con especial atención ás paradas de bus escolar.

**Segundo.-** Solicitar á Xunta de Galicia a construción dunha senda peonil nunha das marxes da estrada PO-534 entre Soutolongo e Botos, mellorando ademais a seguridade peonil en todo o trazado con especial atención ás paradas de bus escolar.

### **3.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOLICITANDO A REBAIXA DA PEAXE DA AP-53.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 23 de decembro de 2015, e rexistro de entrada do mesmo día co número 9198. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame**



Secretaría Xeral

**favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 29 de decembro de 2015.**

En defensa da moción **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** explicou que con esta infraestrutura buscábase vertebrar Galicia e dinamizara a súa vida socioeconómica. Non se buscaba coa moción afondar nas feridas, pero si a busca dunha solución, vía convenio ou doutro xeito.

Vendo as tarifas, as táboas do ano 2016, podían contemplarse tres clases de tarifas: para turismos, para camións dunha clase: e para outra clase de vehículos pesados e camións. Viase o elevado prezo das peaxes.

Lembrou que para facer esta autoestrada, sacouse unha licitación polo prezo de cento cincuenta millóns. Ademais o Estado aportou un préstamo de sesenta millóns como préstamo sindicado, e outros sesenta millóns de euros a fondo perdido os puxo a Xunta de Galicia. Houbo, pois, cartos públicos.

A empresa concesionaria desde o ano 2014 pertence a unha empresa multinacional, Citigrup.

Lembrou que este tema foi moitas veces debatido. Agora había tres grupos que teñen ata o 100 % desta concesión. Isto era importante para ver a que intereses servía. Había varios fondos de pensións, un holandés e outro do Reino Unido que tiñan todo o poder nesta empresa. Isto era importante porque estes fondos dedicábanse á especulación e á usura, e non a cumprir o fin para o que se creou a autoestrada, que era o interese xeral. Daba igual que houbera un nivel record de vehículos que usaban a autoestrada ou que non o houbera: a suba era superior ao 70 % do custo da autoestrada.

Tamén había que dicir que non tiña descontos ou bonificacións para os usuarios. Esta vía era unha das poucas que carecían destas axudas. Tamén cumpría destacar que a concesionaria despediu a moita xente que traballaba na autoestrada, substituíndoa por máquinas.

Finalmente cumpría destacar que non había outra alternativa real ao seu uso, xa que o resto implicaba empregar tramos urbanos onde se limitaba a 50 km /hora a velocidade na meirande parte do seu tramo.

En suma, houbo cambios para ben de todos en todas partes do Estado, menos aquí. Por iso ía a moción.

Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** destacou a ampla e datallada exposición que fixo o voceiro nacionalista. Pero faltou unha: que cada un falaba da feira segundo lle fora. *“Cada un anda ó seu, e eu ando ó meu”*, dixo.

Lembrou que o PP e o BNG convocaron unha manifestación contra as peaxes, cando gobernaba o PSOE na Xunta de Galicia. Todo o mundo botaba a culpa aos contrarios. O redactor da moción descoñecía a realidade. Desde logo nin o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña** nin o Ministerio foron os adalides desta solución. Deron resposta ás demandas que había nese intre cos medios que tiñan. Había unhas vías prioritarias e outras que non o eran, como foron as de Santiago-Ourense, Santiago-Lugo e Lugo-Ourense.

Esta foi a primeira vía que se fixo. Daquela mandaba **D. Xosé Cuiña Crespo**. Para o resto, ata Ourense se estableceu unha peaxe na sombra. Aquí non foi coma no Morrazo. A Xunta de Galicia, daquela non tiña cartos. O problema, segundo el, veu de que o Estado pediu un préstamo sindicado de sesenta millóns de euros, e non o aportou a fondo perdido como o fixo a Xunta de Galicia. Ese préstamo ten vida durante corenta ou cincuenta anos e xera intereses.

Lembrou que houbo unanimidade no acordo do Parlamento de Galicia para reclamar a



Secretaría Xeral  
transferencia desta autoestrada do Estado á Xunta de Galicia. O Pleno deste Concello tamén reclamou isto mesmo na sesión do 29-9-2014.

Non era lóxico que fose como préstamo a axuda do Estado. Por isto non se puido traspasar ata hoxe a estrada, porque había un custo elevado e moitos impedimentos formais. Daba igual que a empresa ganase dez veces o investido ou que fose deficitario o servizo.

Parecíalle que a moción, salvo pedir o traspaso do Estado á Xunta de Galicia desta autoestrada, era un canto ao sol. Estaban a favor, pero coidaban que estaba mal plantexada a moción, desde o punto de vista técnico. No seu lugar había que defender o acordo adoptado por unanimidade no Parlamento de Galicia.

Por alusións, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo coñecer ben o terreo deste tema. A Xunta de Galicia asumiu unha parte, porque daquela o Ministro de Fomento, o Sr. *Álvarez Cascos*, non asumía todo o custo. Pediu a todos que loitaran na mesma dirección, porque non se trataba de ir contra ninguén, senón de buscar solucións a este problema aos lalinenses, para conseguir así que as peaxes se reducisen e se evitase este custe tan elevado que había hoxe.

Desde o grupo socialista **D. Nicolás González Casares** dixo que en catro anos que levaban no Goberno Central e seis anos na Xunta de Galicia non fixeron nada, nin a Ministra de Fomento nin a Xunta de Galicia. Coidaba que o PP non podía dicir nada.

De novo **D. Rafael Cuíña Aparicio** sinalou que este tema non debía ser un arma arrojadiza, senón que había que remar na mesma dirección.

Outra vez, **D. Xosé Crespo Iglesias** pediu que se engadise á moción como punto primeiro que se transfira a dita autoestrada AP-53 á Xunta de Galicia, e que unha vez que se consiga, a Xunta de Galicia se comprometa a efectuar o que se pedía nos puntos 1, 2 e 3.

Rematou o debate **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**, para indicar que o BNG sempre estivo no mesmo sitio neste tema. Había un debate falso no PP. Non fixeron nada durante estes anos e agora pretendían ocultar todo baixo a petición de que a competencia sobre a autoestrada pasase á Xunta de Galicia. Lembrou que o PP votou en contra disto neste mes pasado no Parlamento de Galicia, cando se pediu unha rebaixa do 50 % das peaxes. Rematou afirmando que o capital era o capital, que defende sempre e unicamente os seus intereses e expectativas, e non defende nunca o interese xeral. Repetiu que o PP trataba de tapar baixo o tema da competencia a súa falta de xestión sobre esta autoestrada.

Sometida a votación ordinaria a moción do grupo de goberno e a emenda do grupo popular, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co vota favorable de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e nove (9) do PP, o Pleno da Corporación acordou **APROBAR** a moción do seguinte tenor:

A autoestrada AP-53 é, dende a súa posta en servizo, un dos principais eixos de comunicación viaria entre Santiago e Lalín e, por extensión, do centro de Galicia. Malia todo, a





Secretaría Xeral

súa potencialidade como elemento de vertebración territorial e dinamización social e económica está claramente limitado por unha das peaxes máis caras de todo o Estado español, que ademais experimentou un incremento constante nos últimos anos.

A elevada cantidade que teñen que pagar os usuarios da AP-53 -case seis euros por un traxecto de pouco máis de 40 quilómetros- explica unha densidade de vehículos moito máis baixa que a media nacional. En concreto, segundo os datos do pasado mes de outubro, foron 6.050 coches os que transitaron a diario por esta vía de comunicación, unha cifra que segue a estar a moita distancia da media nacional e que impide que a AP-53 sexa un referente para a reactivación económica dos concellos polos que pasa.

Noutro eido, o prezo prohibitivo da peaxe afecta de forma moi directa á mobilidade de tres municipios -o de Lalín, o de Silleda e o de Compostela- que están chamados a colaborar de maneira moi estreita debido á súa proximidade xeográfica e que, entre outras cousas, comparten área sanitaria. Xa que logo, o benestar das veciñas e veciños destes concellos tamén depende dunha infraestruturas que moitos se ven obrigados a utilizar para, por exemplo, acudir a unha simple consulta médica.

Por todo o exposto -e vista a pasividade evidente da Xunta de Galicia e do Ministerio de Fomento- os Gobernos municipais de Lalín, Silleda e Compostela deciden liderar de maneira conxunta esta reivindicación da rebaixa da peaxe da AP-53 e presentar, en cadanseu Concello, esta moción.


Xa que logo o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Solicitar ao Ministerio de Fomento que proceda a transferir a titularidade da autoestrada AP-53, nos seus distintos tramos, Ourense-Dozón e Dozón-Santiago á Xunta de Galicia, o antes posible, reiterando así a petición xa formulada por este Concello de Lalín en data 29-9-2014 e tamén aprobada polo Parlamento de Galicia.

2.- Esixirlle ao Goberno da Xunta de Galicia que, dentro do seu ámbito competencial, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da inasumible peaxe da AP-53.

3.- Esixirlle ao Ministerio de Fomento a que, dentro do seu ámbito competencial, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da inasumible peaxe da AP-53.

4.- Remitir este acordo ao resto de Concellos polos que discorre a AP-53, así como a institucións, partidos políticos e axentes sociais de ámbito galego e estatal para que se sumen a esta reivindicación e, dentro dos seus ámbitos competenciais e das súas funcións propias, se impliquen de maneira activa na procura de solucións.





### **3.3.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA APOIAR A SOLICITUDE DA MALLA TRADICIONAL DE CODESEDA COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.-**

A Presidencia deu conta desta moción. Por unanimidade dos asistentes acordouse tratala, xa que non estaba ditaminada pola Comisión Informativa correspondente.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co vota favorable de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e nove (9) do PP, o Pleno da Corporación acordou **APROBAR** a moción do seguinte tenor:

Con data 16 de novembro de 2015, D. Manuel Blanco Villar, en calidade de presidente da Asociación de Amigos Museo Casa do Patrón -entidade que organiza cada ano a MALLA TRADICIONAL DE CODESEDA- presenta no Concello de Lalín un escrito, con número de rexistro 8022, no que solicita informe favorable do Pleno da Corporación á proposta para que esa Malla Tradicional sexa declarada “Festa de Interese Turístico de Galicia”.

A Malla Tradicional de Codeseda, que se ven celebrando durante os últimos 16 anos a finais do mes de agosto, é a máis completa de Galicia, xa que é a única que recrea todas as modalidades das antigas mallas da comarca do Deza, dende a malla a pedra até a malla con malladeira e tractor. É unha actividade totalmente asentada e consolidada, que conta cun amplo respaldo e participación activa da poboación local. A Malla, ademais dos seus compoñentes cultural, histórico e etnográfico, conta tamén cun importante carácter lúdico, festivo, musical e gastronómico, o que propiciou que ao longo dos anos fose medrando en público e repercusión mediática. No eido social, a Malla constitúe un modelo de traballo comunitario, que representa una tradición singular e que supón a total participación e colaboración de varios lugares na recreación dunha actividade na que se implicaba toda a poboación da contorna.

Neste sentido o Concello de Lalín entende que a Malla é unha manifestación que supón unha valorización da cultura e das tradicións populares e que ten unha especial importancia como atractivo turístico, tal e como se indica no artigo 93.1 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, que faculta á Administración da Xunta de Galicia a declarar festas de interese turístico de Galicia.

En todo caso, a declaración de festas de interese turístico de Galicia regúlase mediante Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro (DOG nº 12 de 20/01/2015), que establece os requisitos e efectos da declaración de ditas festas, así como o procedemento, vixencia e perda da súa condición. O artigo 9 indica que a competencia para a declaración de festa de interese turístico de Galicia corresponde ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, e as demais funcións relacionadas coa instrución do procedemento serán exercidas pola axencia a través da Dirección de Competitividade.

Segundo o disposto no artigo 10, o procedemento para a declaración de festa de interese turístico de Galicia iníciase por solicitude de entidades interesadas, sexan de carácter público ou privado (...) logo de consulta ao concello onde se celebre, salvo no caso de que sexa o propio



Secretaría Xeral

concello o que formule a solicitude de iniciación. Enténdense por entidades interesadas o concello ou concellos do lugar onde se celebra a festa e as entidades públicas ou privadas relacionadas co sector turístico ou cultural. Neste caso debe considerarse como entidade interesada e con capacidade aos efectos de presentar a solicitude diante da Xunta de Galicia á Asociación de Amigos Museo Casa do Patrón, por ser a que organiza dende hai anos a Malla Tradicional de Codeseda.

Pola súa banda, o Concello de Lalín entende que a Malla Tradicional reúne todos os requisitos para acadar a distinción de Festa de Interese Turístico de Galicia debido á súa singularidade, ao crecente número de persoas que atrae cada ano (superando o milleiro nas últimas edicións) e ao seu valor cultural e etnográfico.

A proposta presentada por *D. Manuel Blanco Villar* documenta polo miúdo as características, a historia e a importancia social, turística e cultural da Malla Tradicional de Codeseda. En canto á súa singularidade trátase da malla máis completa de Galicia, xa que é a única que recrea habitualmente todas as modalidades das antigas mallas por orde cronolóxica e do xeito máis fiel e representativo da comarca do Deza. Ademais é a máis concorrida e coñecida de Galicia, tendo incluso repercusión internacional a través dos emigrantes que asisten á cita. Por outra banda, a recreación é especialmente coidadosa e así, ao privilexiado contorno no que se realiza, súmase a uniformidade das instalacións, a vestimenta e as ferramentas propias da época que se revive na malla.

O evento conta coa colaboración de diferentes institucións e asociacións e está posto en escena por máis de 70 persoas de 11 parroquias de Lalín, o que reflicte o arraigo popular no seu ámbito territorial. O seu carácter participativo permite que sexa unha actividade aberta a todo o público, co único requisito de que vaian caracterizados coa vestimenta da época.

As accións promocionais desenvolvidas para potenciar a Malla como eixo de atracción turística engloban diferentes iniciativas entre as que se contan a páxina web e os perfís en redes sociais do Museo Casa do Patrón (<http://museoetnografico.net/>). Tamén se levan a cabo accións de difusión nos principais medios e comunicación da zona, ademais de carteis, folletos, cartas personalizadas, vídeos, talleres ou presentacións públicas, entre outras.

A Malla Tradicional conta ademais cun importante valor cultural e etnográfico, xa que a súa celebración permite recuperar cada ano un importante costume e unha tradición popular ligada á actividade agrícola que, doutra maneira, se podería perder para sempre.

A todo o exposto súmanse outros factores como a facilidade de acceso ao lugar de recreación da Malla, a beleza e coidado do seu contorno, a súa excelente sinalización ou a alta calidade estética da ambientación e recreación da Malla.

En base a todo o indicado considérase que a Malla Tradicional de Codeseda reúne todos o requisitos para ser declarada “Festa de Interese Turístico de Galicia”, e por este motivo o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

Manifestar o apoio do Pleno da Corporación do Concello de Lalín á solicitude que vai a



Secretaría Xeral  
realizar a Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón para a declaración como Festa de Interese Turístico de Galicia da Malla Tradicional de Codeseda en base aos argumentos anteriormente expostos e na documentación que consta no expediente da solicitude.

#### **4.- MOCIÓNS DO PP.-**

##### **4.1.- MOCIÓN DO PP EN DEFENSA DO ESTADO DAS AUTONOMÍAS.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 14 de decembro de 2015, e rexistro de entrada do mesmo día co número 8862. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 29 de decembro de 2015.***

En defensa da moción, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** indicou que esta era unha moción de partido. Os problemas que había non só se limitaban ao tema catalán, porque isto afectaba a Galicia. Coidaba que defender o que pasaba en Cataluña era defender algo que era negativo para Galicia. Se se apoiasen as pretensións de Cataluña, Galicia perdería uns 1.000 millóns de euros. Doutra banda o que estaba a suceder podía provocar unha inestabilidade incalculable para Cataluña e para España. Defender os intereses dos nosos veciños de Galicia. Leu de seguido a partida dispositiva. Finalmente indicou que esta moción foi apoiada no Concello de A Coruña polo PSdG-PSOE.

Por alusións ***D. Rafael Cuiña Aparicio*** rexeitou botarlle unha parte de culpa alícuota do que pasaba con Cataluña a Galicia. Non era serio o que se pedía.

Desde o grupo de goberno, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada***, dixo non sentirse español, si europeo e si internacionalista e galego. Doutra banda entendía que nunca se discutiu se este tema, de se era ou non era unha nación Cataluña, como un tema de cartos o que centrarse este criterio o dito debate.

Desde o PSdeG-PSOE, ***D. Nicolás González Casares*** sostivo que era exaxerado traer aquí o debate. O que procedía era debater isto nas Cortes Xerais. Era unha moción de partido, e ás veces non é obrigado traer aquí, a un Concello, estas cuestións. Non tiña sentido que para defender a moción se dixese que Galicia ía perder mil millóns de euros polo tema catalán, se este ía adiante.

Tamén se dixo que o *Sr. Rodríguez Zapatero* rompía España, e foi o *Sr. Mariano Rajoy* a persoa coa que España agora si que se rompe. Afirmou que, se non se impugnase o Estatuto de Cataluña, non estaríamos agora diante deste problema. *“Daqueles polvos, veñen estes lodos”*, afirmou. Finalmente indicou que a única saída á situación política era a reforma da constitución. Non era seria a moción, e non debeu traerse aquí. Votarían en contra.

De novo ***D. Xosé Crespo Iglesias***, sinalou que era unha potestade do seu grupo traer aquí a moción. Tamén podía falar, negociar e chegar a acordos sobre a mesma. A moción ía nesa dirección.



Desde a Alcaldía, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que era absurdo debater este asunto no Pleno de Lalín. Os temas da Constitución e do Estado viñan xa de lonxe, sendo sempre un tema moi estudado e debatido, desde o Estado Absoluto, ao estado moderno, ao estado liberal burgués e todo isto correspondía estudalo ao Dereito Constitucional e á historia. Era absurdo traer aquí este debate.

Podíase falar de estado unitario, do modelo federal de Alemania, do de Estados Unidos ou de Confederación. O que si quería dicir era que Galicia era unha nación. E que en España podían estudarse novas formas de organización política, coma o estado federal asimétrico. Pero todo isto non correspondía estudalo nin sacar isto nunha sesión plenaria municipal.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** precisou que a unidade de España non era un axioma. Reiterou que coas pretensións de Cataluña, Galicia saíría perxudicada. Non sabía o que se defendía desde as verbas do Sr. Alcalde, se o modelo proposto por *Pascual Maragall* ou da RFA alemana. A coxuntura actual de España era distinta da doutros estados como Baviera, porque tiñan menos competencias que as comunidades autónomas de España.

Rematou o debate o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, pedíndolle ao voceiro que interveu anteriormente que se lera a resolución 1514 da ONU, ao voceiro popular.

*Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Instar ao Concello de Lalín a manifestar a súa firme intención de defender e por en valor o Estado das Autonomías e os dereitos e liberdades garantidos pola Constitución Española.*

*Segundo.- Rexeitar calquera actuación ou declaración que atente contra a unidade de España e poña en risco o actual marco de convivencia e concordia.*

*Terceiro.- Instar a todas as institucións democráticas á defensa do Estado de Dereito e ao cumprimento da legalidade ante calquera actuación que atente contra a indisoluble unidade da nación española.*

*Cuarto.- Comunicar estes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* nove (9) do PP.

*Votos en contra:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

#### **4.2.- MOCIÓN DO PP DE APOIO E POTENCIACIÓN DO COMERCIO LOCAL DE LALÍN.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 14 de decembro de 2015, e rexistro de entrada do día 15 de decembro de 2015, co número 8882. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 29 de decembro de 2015.**



Na exposición da moción **D<sup>a</sup>. Raquel Lorenzo Fernández**, procedeu á lectura da moción do seu grupo.

Indicou que o grupo de goberno sacou algúns slogans como: “*se é de Galicia é bo*”. Todo parecía quedarse niso. Tamén lembrou que prometeu en campaña electoral reducir un 20 % os impostos e non se vía esta medida por ningunha parte. Desde logo nos orzamentos non ía nada.

Tamén indicou que houbo iniciativas do grupo de goberno sen consensuar cos sectores interesados. A estes efectos citou o tema das feiras que se modificaron para que fosen o mesmo día que caía a data, ou o de peonilización dalgunhas rúas do casco urbano de Lalín.

Desde o grupo de goberno **D<sup>a</sup> Katia Procino Toimil** lembrou que había en marcha un Plan estratéxico 2015 no que o Concello optaba a conseguir unha subvención dos fondos europeos cun amplo e detallado programa de actuacións. O Concello poñía un millón de euros e outros cinco os fondos europeos. En total eran seis millóns de euros. Indicou que o expediente xa o tiñan preparado para presentar a vindeira semana.

Leu tamén as aportacións dos Concellos nos orzamentos para este ano ao comercio, lembrou actuacións municipais que fomentaban e apoiaban ao comercio local, como a “noite branca,” o Nadal”, a Volta ao Cole”, as reunións que houbo co CCA e cos veciños sobre o programa: “*Se é de Lalín é bo*”. Citou o proceso acometido para manter a categoría por enriba dos vinte mil habitantes, con esas razóns para empadroarse en Lalín.

En suma todas estas razóns demostraban o apoio que este goberno quería dar ao comercio de Lalín e o impulso que esperaban darlle cos novos programas e iniciativas.

De novo **D<sup>a</sup>. Raquel Lorenzo Fernández** preguntou se ían facer o mesmo que figuraba no seu programa electoral, porque parecía que non se cumpría o dito programa.

De novo **D<sup>a</sup>. Katia Procino Toimil** dixo que a semana próxima o Concello de Lalín presentaría ese programa de axuda aos fondos europeos.

De novo **D<sup>a</sup> Raquel Lorenzo Fernández** salientou que as axudas e as actuacións eran mínimas e non supuñan nin tan sequera aplicar o programa electoral do grupo de goberno.

Falou entón o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, no sentido de que nos orzamentos do ano 2016 ían algunhas partidas para incentivar o comercio local de Lalín. Estas axudas que se recollían no documento non ían polo sistema de conceder reducións de impostos ou bonificacións, senón que se dotaban partidas con contías específicas para programas coa mesma finalidade.

Lembrou que o grupo de goberno tiña boas relacións coas organizacións do comercio, cunha mellora importante en canto se refería ao CCA e inmellorables coa AED. Lembrou algunha actuación que non foi nomeada, como foi a de “escaparates”, e as actuacións que se plasmaban nas xuntas de goberno de apoio ao comercio.

O Concello este ano facía o que podía, tendo en conta o pago do importe de compra do parking da Praza de Europa. Seguramente no ano que ven, no ano 2017, habería máis cartos para axudar ao comercio lalinense.

De novo **D<sup>a</sup> Raquel Lorenzo Fernández** insistíu en que o grupo de goberno, coas medidas adoptadas e co que dicía, incumpría claramente as súas promesas electorais.



De novo D<sup>a</sup>. **Katia Procino Toimil** resaltou que a partida dedicada ao comercio e emprego aumentaba ata o 250 %.

Nunha nova intervención **D. Rafael Cuiña Aparicio** preguntou ao grupo propoñente que datos manexaba o mesmo para indicar que non había incremento ou que este era ínfimo. Lembrou que a partida era de 15.000 € e supuña unha suba de mais do 250 % respecto aos datos do ano pasado. Había 200.000 máis 50.000 euros antes, máis os cartos que poderían deducir fiscalmente os comerciantes.

Por alusións o edil popular, **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, tamén salientou que o grupo de goberno incumpría a súa promesa recollida no programa electoral.

Finalmente **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que durante os anos en que o PP gobernou en Lalín, desapareceron máis de douscentos comercios. Hoxe, contabilizados por un técnico municipal, había máis de corenta e sete comercios que abriron de novo desde que chegaron ao goberno eles. Desde logo había unha incipiente recuperación económica e un empuxe emprendedor que antes non había.

A continuación houbo un debate entre o Sr. Alcalde e a edil do PP que defendeu a moción, no que o primeiro defendeu o incremento do apoio ao comercio local co cambio de goberno municipal e de medidas, e a edil insistía no incumprimento por parte do mesmo do seu programa electoral.

*Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:*

*1.- Instar ao goberno local e principalmente a Rafael Cuiña a dialogar e negociar cos principais implicados na actividade do sector do comercio (comerciantes, CCA, AED, vendedores ambulantes, etc.) todas aquelas decisións estratéxicas nas que se xogan moitos cartos, así como a súa propia supervivencia e futuro, como poden ser a peonalización de rúas céntricas ou a apertura nos días de feira que coinciden en domingo.*

*2.- Instar ao goberno municipal a que habilite na primeira modificación de crédito que realice unha partida equivalente ao montante da rebaixa do 20% nos impostos municipais nos comercios xa establecidos e o 30% aproximado nos comercios que previsiblemente se puideran abrir no vindeiro ano para dedicala a potenciar o comercio tradicional a través das seguintes accións:*

- *Planificación e desenvolvemento de campañas serias de difusión e apoio do comercio local e dos produtos lalinenses en medios autónómicos que se reparta en varios momentos do ano, ca colaboración co CCA, e que vaia máis aló de repetir un lema no seu NODO particular.*
- *Realización dun estudo rigoroso por parte de expertos sobre a situación do comercio lalinense e as súas necesidades que permitan tomar decisións estratéxicas coherentes e non atendendo a meras ocorrencias.*
- *Establecemento dun marco de colaboración económica estable, a través da sinatura dun convenio, co principal colectivo de representación do comercio local (CCA de Lalín/AED) para colaborar no financiamento de iniciativas e campañas de contrastado éxito: Campaña de Nadal, Noite Branca, Volta ao Cole, etc.*
- *Creación dunha Oficina de Asesoramento ao Comercio de Lalín en materias como marketing, escaparatismo, redes sociais, comercio on line, etc., atendida por persoal especializado.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

L K M O



*Votos a favor:* nove (9) do PP.

*Votos en contra:* once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

#### **4.3.- MOCIÓN DO PP PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE XESTIÓN DA CULTURA ARQUEOLÓXICA E O VIVEIRO DE EMPRESAS.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 17 de decembro de 2015, e rexistro de entrada do día 21 de decembro de 2015 co número 9113. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 29 de decembro de 2015.***

Na defensa da moción ***D. Xosé Crespo Iglesias***, desde o grupo popular, indicou que el fixera algunhas preguntas na sesión plenaria deste organismo, hoxe mesmo, sobre as pezas do Museo Provincial. Non sabía as razóns para non poñer a funcionar este centro. Antes deuse a escusa da liña de internet, da ADSL. O certo era que non funcionaba esta instalación. Había que ter coidado porque había material sofisticado que custou moitos cartos e que tiña un prazo de garantía. Ao mellor máis adiante non funcionaba, se reclamaba e resultaba que xa non hai garantía.

Por elo pediu que se cumprisen os obxectivos para os que se creou e o acordado. Xa tiña que estar a xente, esencialmente os arqueólogos, a traballar desde hai máis de dous meses, en concreto desde o mes de setembro ata hoxe na dita instalación.

Sobre o viveiro de empresas, lembrou a historia e a orixe deste centro. Lalín foi un dos poucos concellos que conseguiu contar con esta instalación, grazas á xestión do anterior equipo de goberno diante do goberno central e do Ministerio do *Sr. Montoro*. Tamén Lalín puxo o terreo a disposición e cumpriu todos os compromisos.

Desde o goberno, o Sr. Alcalde, ***D. Rafael Cuiña Aparicio*** indicou que el persoalmente xa falou varias veces cos responsables do organismo provincial e esperaba que pronto se puxera en marcha o mesmo.

Outra vez ***D. Xosé Crespo Iglesias*** indicou que sería positivo que se consultase previamente con el cando fixera xestións sobre este tema, porque coñecía todo o que pasou e podía axudar. Ofreceuse para elo, dicíndolle ao Sr. Alcalde que podía contar con el.

Doutra banda había que solucionar tamén o programa dos gastos do edificio. Había unha porcentaxe de ocupación e de gasto, e por agora non se sabía nada. Todo isto había que velo.

Desde o grupo de goberno ***D. Nicolás González Casares*** falou para explicar que non había retraso. Ao contrario, estívose a traballar nelo durante este tempo. Había un contrato asinado xa e cumprírase. O persoal estaba seleccionado para entrar a traballar xa. Contábase





Secretaría Xeral

que o día 12 de xaneiro de 2016 empezase o traslado do material, algo que non era nada fácil, porque moitas pezas presentaban dificultades para a súa manipulación, estaban embaladas e había que transportalas a Lalín. A Deputación Provincial tivo que pedir e contar con autorización municipal para meter un camión de grandes dimensións e poder cargar as pezas ata Lalín. Con elo traeranse moitas pezas aquí para poder estudalas.

En canto ao viveiro de empresas, salientou que xa rematou o período de selección de empresas e prazo de selección de persoal. Esperaban que moi pronto xa estivesen a traballar alí.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que esta actitude era nova para a oposición. Non se entendía o que pasou ata agora, e el mesmo fixo preguntas sobre este tema. Apoiaba que se traballase nesta dirección, e coidaba que as contratacións xa deberan estar feitas. A modo de rogo pediu tres cousas: A primeira que funcionase o Centro Castrexo de Liñares; en segundo lugar que tiña que ser un centro de recuperación arqueolóxica para toda Galicia; e en terceiro lugar sobre o viveiro de empresas, que houbera polo menos un membro do Concello de Lalín na selección das empresas e na selección do persoal, con voz e voto, porque ata agora todo o fixeron ao marxe do Concello. Non estaba de acordo con elo e coidaba que había que reclamar estas cuestións. O custo de funcionamento debía ser para o organismo provincial e non para o Concello. Indicou que había que clarexar todo isto.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co vota favorable de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e nove (9) do PP, o Pleno da Corporación acordou **APROBAR** a moción do seguinte tenor:

Os gobernos populares no Concello de Lalín e na Deputación de Pontevedra puxeron en marcha no final do pasado mandato as obras para a posta en funcionamento de dúas infraestruturas dun alto valor engadido para o futuro económico, social e cultural de Lalín e da comarca de Deza, o Centro de Xestión da Cultura Arqueolóxica situado en Liñares e o Viveiro de Empresas. Infraestruturas que acumulan, como consecuencia do cambio de goberno, un importante retraso co conseguinte prexuízo para emprendedores e investigadores que utilizarán ambas instalacións.

No caso do “Laboratorio castrexo” situado no Pazo de Liñares, cando se produciu o cambio de goberno, hai agora máis de seis meses, xa estaba toda a obra física rematada e a dotación de mobiliario e elementos de traballo completada, quedando só pendentes pequenos detalles, como as telecomunicacións e a contratación de persoal. Unha contratación de persoal que se pechou no mes de setembro. Precisamente a data que o Tenente de Alcalde, Nicolás González, e a presidenta da Deputación, Carmela Silva, fixaron, nos medios de comunicación, como a data de apertura do centro que se vai a encargarse de procesar os achádegos arqueolóxicos da provincia.

Case tres meses despois de expirar a promesa de apertura formulada por Deputación e Concello de Lalín, as instalacións sitas no Pazo de Liñares seguen sen actividade e o persoal contratado (ata cinco persoas traballarán no procesado de material arqueolóxico) está a traballar nun recuncho do Museo de Pontevedra sen relación algunha coa instalación para a que foron contratados. As desculpas relacionadas coas conexións a *internet* e coas licenzas do Centro serviron de coartada ata o momento para este retraso, cando o persoal contratado podía ter



Secretaría Xeral  
acometido a organización e posta en servizo do amplo espectro de materiais co que está dotado o CXCA.

Os retrasos e a desidia do goberno municipal e a Deputación de Pontevedra tamén se ceba con outro importante proxecto para o futuro de Lalín e a para a xeración de actividade económica como o Viveiro de Empresas. Aos retrasos acumulados pola demora na licitación de temas como o mobiliario ou a dotación técnica, únese agora a desidia do goberno municipal no funcionamento da instalación, da que queda totalmente desvencellado atendendo ás bases de funcionamento publicadas pola Deputación, cando o Concello de Lalín tiña que ser unha das patas cruciais no devir diario do funcionamento do que vai a ser un criadeiro de actividade económica para Lalín.

A vista de todo elo, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

**Primeiro.-** Instar ao Concello de Lalín a que esixa á Deputación de Pontevedra a inmediata posta en marcha do Centro de Xestión da Cultura Arqueolóxica do Pazo de Liñares, trasladando ao persoal que neste intre está no Museo de Pontevedra ao Pazo de Liñares para a posta en funcionamento do equipamento e ordenar o acondicionamento do material técnico da instalación sita en Liñares.

**Segundo.-** Instar ao Concello de Lalín a que esixa á Deputación de Pontevedra celeridade na tramitación de todo o relativo ao Viveiro de Empresas para que se poida por en marcha á maior brevidade posible.

**Terceiro.-** Instar ao goberno municipal a negociar coa Deputación de Pontevedra a implicación dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lalín no que atinxe a programas formativos, selección de proxectos e usuarios da instalación.

#### **4.4.- MOCIÓN DO PP RELATIVA Á RETRANSMISIÓN DOS PLENOS E Á CREACIÓN DUN LIBRO DE DECRETOS.-**

A Presidencia deu conta desta moción, de data 14 de decembro de 2015, e rexistro de entrada do mesmo día, co número 8861. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 29 de decembro de 2015.***

Desde o PP, **D. José Antonio Varela Quintela** leu o contido da moción na que se pedía que se levase o libro de decretos, algo que era obrigado e que non se estaba a facer; en segundo lugar que se retransmitiran os plenos en streaming, algo no que ao parecer xa se traballaba.

Desde o grupo de goberno **D. Tomás Vilariño Fidalgo** indicou que se podía facer. En concreto a retransmisión en streaming pro radio máis internet con fichero por audio. En canto ao libro de decretos, se estaba a traballar nelo e no portal da transparencia, metendo as declaracións de bens e dereitos.



Secretaría Xeral

Desde o o PP, de novo **D. José Antonio Varela Quintela** indicou que eran dúas “cousiñas” de fácil aprobación. Dunha delas xa se fixo unha proba de seguimento. Non debera haber moito problema en levalas a cabo.

Por parte tamén do grupo de goberno **D. Nicolás González Casares** indicou que o libro de resolucións da Alcaldía non se levaba, pero isto sucedía desde hai máis de vinte e cinco anos. Lembrou que o *Sr. Crespo Iglesias* estivo máis de trinta no Concello. Nunca se fixo, a pesar de que o seu grupo socialista durante estes anos de atrás reclamou en varias ocasións o mesmo. E non o levaban desde o Concello, porque o grupo de goberno anterior do *Sr. Crespo Iglesias* utilizou no seu propio beneficio político as resolucións da Alcaldía. Escamoteaban os decretos á oposición e ao Pleno, non dando conta, por exemplo como sucedeu con varios decretos do Lalín Arena, ata dous meses despois. Pero o máis gordo viña por medio dos decretos da produtividade do persoal do Concello. Nunca se deu conta ao Pleno destes decretos, porque se facía un uso político e electoral da mesma. Curiosamente nos meses electorais era onde a produtividade aumentaba e mesmo se cuadruplicaba, e casualmente coincidía coas campañas electorais. Por elo se pasaba de dar a trece ou a catorce funcionarios a produtividade a darlla a 52 ou 54 funcionarios.

A maiores había que dicir que o persoal eventual cobraba a maiores das súas nóminas do orzamento fortes cantidades en concepto de produtividade, mesmo máis que persoas con carreiras universitarias, por exemplo que algúns traballadores sociais. En concreto estas persoas eventuais supuñan unha suba maior do que se dicía de 23.000 euros sobre o orzamentado para as mesmas.

En suma de todo isto o Sr. Alcalde non daba conta ao Pleno. Agora si que o farían.

Desde a Alcaldía, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que isto era politicamente gravísimo, e nunca pensou que isto sucedera.

Des novo **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que ao final de cada mandato, cando había eleccións encargábanse máis traballos aos funcionarios. De aí que se lles pagasen esas horas a maiores ou a dedicación especial ou o feito de vir polas tardes. En canto ao libro de decretos, dixo que se a oposición pediu sempre este libro, porque o consideraba tan importante: *¿por que agora desde que levaban seis meses do goberno non o puxeron a funcionar?*

De novo o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que o *Sr. Crespo Iglesias* non podía dar ningunha, absolutamente ningunha lección a este goberno. Votarían a favor.

Contestou outra vez **D. Xosé Crespo Iglesias** sostendo que a produtividade se daba a quen a merecía e era algo obxectivo. Se os traballadores traballaban máis, era normal que se lles pagase máis.

Pedi ao grupo de goberno que fose coherente coa petición do libro de decretos. Isto se facía igual en cada Concello. Non podía dicirse implicitamente o que se dicía, porque o voto era secreto de cada persoa e non estaba condicionado por que cobrase máis produtividade, xa que ou ben traballou máis ou ben o merecía. Tamén ocorría que a produtividade ocasionaba máis prexuízo que beneficio a quen o outorgaba, negando que se pagase aos que fosen afines ao grupo de



Secretaría Xeral

gobierno. Non houbo mala intención, só se pagaba co fin de abonar o maior traballo, o interese, e as horas de traballo a maiores.

Rematou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, para indicar que o streaming xa estaba instalado, porque se retransmitían os plenos. En canto ao libro de decretos, salientou que agora había acceso á documentación rapidamente para todos. Isto era o contrario do que sucedía antes. Había transparencia e o grupo de goberno quería apartarse dos modos de funcionamento doutras épocas pasadas. Debía ser máis sincero o voceiro popular e anterior alcalde, é dicir: *colléronos coa bolsa de xeo* e e punto.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co vota favorable de vinte (20) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e nove (9) do PP, o Pleno da Corporación acordou **APROBAR** a moción do seguinte tenor:

A transparencia, o acceso á información pública e as normas do bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política, tal e como recolle a Lei 19/2013, de 9 de decembro. Neste contexto, no Partido Popular de Lalín entendemos a necesidade de aplicar dende o Concello de Lalín diversas medidas que garantan o cumprimento da normativa vixente e proporcionen ao administrado toda a información pública que demandan, ao fin de que a acción política sexa transparente e de que os cargos electos sexamos exemplares no desenvolvemento das nosas funcións.

Dende o PP concordamos co exemplo doutras Administracións Públicas que están a gravar e colgar nas súas *web os streaming* das sesións plenarias e realizando a súa emisión nos medios públicos, neste caso nas radios municipais.

Ao fin de reforzar a transparencia da acción política, tamén estimamos necesario habilitar un Libro de Rexistro de Decretos, que recolla a actividade da Alcaldía e do equipo de goberno alén do acordado nos plenos e nas xuntas de goberno local.

Todas estas consideracións que formulamos dende o Grupo Municipal do PP cremos que deberían estar incluídas na Ordenanza Municipal de Transparencia, que, a pesares de estar anunciada en pasados plenos, aínda non se ten elaborado e debería ser un marco de relación e visualización do traballo dos cargos electos cara os administrados.

Á vista deste contexto e das consideracións realizadas o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Instar ao goberno municipal a emitir os plenos en directo por Radio municipal.

**Segundo.-** Instar ao goberno municipal a colgar na páxina *web* do Concello de Lalín os streaming dos plenos.

**Terceiro.-** Instar ao goberno municipal a crear un Libro de Rexistro de Decretos para que a



Secretaría Xeral

oposición e os veciños poidan acceder a esa parte da actividade e xestión do goberno municipal dun xeito ordenado e transparente.

## **5.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **5.1. ROGOS.-**

#### **P.P.**

**1.- ROGO.- D. Xosé Crespo Iglesias** felicítouse polo feito de que se conseguiu manter a categoría e contar con máis de 20.000 habitantes. Pero pediu que non se cantase victoria antes de tempo, porque agora o INE tiña que comprobar e verificar todos os datos presentados e non se coñecía o resultado final. Lembrou que na anterior ocasión, este organismo reduciu considerablemente as cifras propostas polo Concello.

*Respondeu D. Rafael Cuiña Aparicio. Afirmou que sabía os datos, porque traballaban moito para conseguir os empadroamentos dos veciños. Esperaban a resolución do INE que baixaría as cifras. De todos os modos, o problema da demografía era de toda Galicia. Estaba de acordo en que era necesaria a fusión dalgúns concellos, como Dozón, que non tiña sentido. Lembrou que o traballo que se fixo foi moi completo, casa por casa, chamando ás persoas controlando e estudando o tema. Agora esperaban que o INE reduza, pero non moito, a dita cifra que saíu.*

**2.- ROGO.-** Pide que cando se debatan mocións nas sesión plenarias, pechen as intervencións o propio grupo propoñente, por estética e que non que sexa o Alcalde ou outro edil do goberno municipal.


**O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.**

**3.- ROGO.-** En relación coa remodelación e peonalización de Lalín. Lembrou que na rúa Xeneral Franco eles tentaron conseguir esta peonalización hai anos. Conseguiron o 80 % dos votos dos veciños. Despois de tres anos, el persoalmente reuniuse cos veciños críticos coa esta iniciativa. Non se cambiou.

Era partidario de falar cos veciños e comerciantes e de escoitalos antes de tomar medidas. E isto pediu ao máximo mandatario.

Tamén pedía que non se involucre ao PP nestas xestións. Peonalizar non era nada fácil nos tramos urbanos. Por iso a el lle fastidiaba moito que o goberno dixera deles que estaban "malmetendo" aos comerciantes neste tema.

*Respondeu o Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio. Dixo que el tivo varias reunións cos comerciantes da zona. Coñecía a opinión de todos. As medidas tomadas, como se dixo, eran reversibles e podíanse cambiar. Non eran definitivas. Estaba en escoitar a todos, a favor ou en contra. Lembrou que desde a AED non había ningunha protesta. Era una proba, e por iso era reversible.*



Secretaría Xeral

*Lembrou que lles dixeran que eles, como grupo de goberno, ameazan aos comerciantes. Ao parecer era o PP, quen dicía isto. Isto era falso: non ameazaron a ninguén. Non era o seu modo de traballo.*

*De todos os xeitos veríase como quedaba o tema. Agora estaban e seguirían a falar coa xente para atopar a mellor das solucións posibles.*

*De novo D. Xosé Crespo Iglesias explicou que o que sucedía neste asunto podía explicarse en parte porque ao grupo de goberno non lle gustaba que lle levasen a contraria. O seu sistema de traballo non lles gustaba: primeiro tomaban a decisión e logo preguntaban. Non estaban de acordo con isto. Anticipou que el ía ir preguntando a todos os comercios para saber a súa opinión.*

## **5.2.- PREGUNTAS.-**

### **Presentadas de xeito escrito durante a sesión-**

#### **PP.-**

#### **D. Antonio Rodríguez Rodríguez.-**

1.- O Concelleiro do Partido Popular, Antonio Rodríguez Rodríguez, conforme ao artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que regula a formulación de preguntas ao goberno municipal, formula as seguintes cuestións:

Na Xunta de Goberno do Concello de Lalín celebrada o 30 de novembro, a asociación Medra 2.0 solicitaba un local no edificio da UNED, solicitude que foi rexeitada; cando na mesma sesión, outro colectivo solicita tamén unha instalación, aceptándose dita solicitude.

1.- **PREGUNTA.-** ¿Cal foi o criterio que seguiu para aceptar a segunda e rexeitar a primeira solicitude?.



***O Sr. Alcalde-Presidente indicou que contestaría por escrito.***

2.- Nos pasados días adxudicáronse as prazas 2015-2016 de viaxes do INSERSO.

2.- **PREGUNTA.-** ¿Cal foi o procedemento utilizado para a asignación das prazas do programa de viaxes do INSERSO?

*Respondeu D. Nicolás González Casares afirmando que se recibiu o escrito do INSERSO. Nel viñan como criterios de adxudicación unhas persoas preferentes e logo as listas de espera. Remitíronse as cartas, e houbo un erro con algunha carta remitida. Por elo chamóuselles e se indicou á persoa afectada que había aínda prazas.*

*Interveu a edil popular. D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey indicou que antes, cando gobernaba o PP*





Secretaría Xeral

*se remitían cartas a todos e estes tiñan as mesmas oportunidades.*

*Outra vez D. Nicolás González Casares reiterou que algunha carta se remitiu sen data. Por iso logo se chamou por teléfono e corrixiuse este defecto.*

*De novo, D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey suliñou que quedaron persoas sen participar nestas viaxes e programas. Coidaba que as cartas algunhas chegaron tarde e as persoas ignoraban os criterios que se empregaban.*

3.- O pasado 16 de decembro o Partido Popular presentaba un escrito solicitando a presentación do Informe Económico Financeiro do Concello elaborado polo departamento de Intervención na primeira sesión plenaria que se celebre trala presentación do escrito e que xa acumula catro meses de retraso.

3.- **PREGUNTA.-** ¿Cando teñen previsto presentar este informe que leva xa catro meses de retraso?

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que contestaría por escrito.*

#### **Presentadas de xeito oral na sesión.**

4.- **PREGUNTA.-** En relación coa retransmisións dos Plenos, tamén había xente que escoitaba. Sería boa idea tamén radiar as sesións plenarias.

*Tamén respondeu D. Rafael Cuiña Aparicio, dixo que ata agora eran en falso directo, pero estaban nesta dirección a traballar.*

5.- **PREGUNTA.-** ¿Quere saber se o Sr. Alcalde falou cos comerciantes da rúa D, xa que uns din que si e outros que non?

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que contestaría por escrito.*

6.- **PREGUNTA.-** ¿Pódese coñecer ou desglosar o importe da partida de comercio e emprego, desglosada para poder coñecer o que se destinaba a comercio nos orzamentos do ano 2016, na que se dicía que se incrementaba un 255% respecto aos orzamentos do no 2015?

*Respondeu a concelleira D<sup>a</sup>. Katia Procino Toimil afirmando que o incremento na partida foi de 15.000 €.*

7.- **PREGUNTA.-** Respecto á Fraga de Catasós, ou Casas Vellas, tras o acordo e as reunións para a declaración do ENIL do dito lugar, ¿se fixo algo sobre este expediente? Parecíalle que se daba “un pasito palante e outro pa trás”, pero que do expediente do ENIL non había nada.

*Respondeu D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés, indicando que se deron algúns pasos. Houbo reunións con algúns veciños. Actualmente estaba en reunións con outros veciños, para expoñerlle*





Secretaría Xeral  
*as proposta. Había que explicarlles ben o que significaba isto. Aínda lle faltaba xuntarse con algúns deles. Era preciso ter xuntanzas para explicar a proposta e protexer o ecosistema do anel, e non só do lugar onde pasaría a liña de alta tensión.*

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.**

**8.- PREGUNTA.-** Quere saber se hai algunha actuación municipal respecto ao regato do Mosqueiro, na parroquia de Bendoiro, tendo en conta os últimos feitos e as inundacións, coa situación creada de anegamentos na zona.

*Respondeu D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés no sentido de que o Concello estaba a actuar con Aguas de Galicia. Este organismo pediu ao Concello que presentase unha Memoria das actuacións previstas e da limpeza da zona. O Concello encargou a dita memoria aos seus técnicos. A día de hoxe estíbese a rematar. Cando estea elaborada, presentarase. O problema era coñecido, cando había moita choiva, se producía o anegamento da zona.*

E, sendo as trece horas e tres minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas

L

K

M

O